

**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **10 de decembro de 2015** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

III.- En relación co expediente de clasificación como monte veciñal en man común denominado “Comunal de Pol”, a favor dos veciños de Pol, no Concello de Carballiño, comparece en representación dos veciños D. José Manuel González Míguez, e por outro lado D. Eugenio Blanco Lorenzo como veciño afectado pola resolución de clasificación. D. Eugenio presentou no seu momento escrito de alegacións contra o acordo de inicio do procedemento xa que entendía que unha parcela da súa titularidade figuraba no mesmo a pesares de non ser obxecto de aproveitamento veciñal.

O procedemento de clasificación quedou paralizado na medida en que nos informes do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense facíase constar que nos terreos obxecto de clasificación existían numerosas vivendas e construcións que non presentaban aproveitamento en réxime de comunidade. Os comparecentes confirman a existencia de vivendas particulares no monte veciñal, e comunican a vontade dos veciños de permutar as parcelas nas que se ubican as referidas vivendas por outras de similar valor.

Examinada a documentación e de acorde coa votade expresada polos asistentes, o Xurado acordou a clasificación como veciñal en man común do denominado “Comunal de Pol”, a favor dos veciños de Pol, tal e como consta no acordo de inicio da clasificación.





## RESOLUCIÓN DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE OURENSE POLA QUE SE CLASIFICA O MONTE DENOMINADO “DE POL”, NO CONCELLO DO CARBALLIÑO.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, de 4 de setembro, e de conformidade co disposto no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data 10 de decembro de 2015:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado resultan os seguintes feitos:

Primeiro.- Con data 13 de novembro de 2002, tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común dos veciños de Pol, no que solicitan a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas De Pol.

Segundo.- Con data 20 de outubro de 2009, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións ás que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.- O procedemento de clasificación quedara paralizado na medida en que nos informes do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Ourense facíase constar que nos terreos obxecto de clasificación existían numerosas vivendas e construcións que non presentaban aproveitamento en réxime de comunidade.

As vivendas particulares inclúense na clasificación do monte quedando esta comprometida á realización das permutas unha vez que a clasificación sexa firme. Os compromisos de permuta cumpren cos requisitos legais para a súa realización.



Cuarto.- O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación obrante no expediente, descríbese así:

Nome do monte: De Pol.

Superficie: 26,36 ha.

Pertenza: veciños de Pol.

Parroquia: A Piteira (San Miguel).

Concello: O Carballiño

Descrición dos predios que constitúen o monte:

O monte a clasificar forma un couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, atravesado en sentido transversal (na zona noroeste) por dúas estradas que unen a poboación de Pol co núcleo urbano do Carballiño. Destacan as lindes polo noroeste coa liña AVE Madrid-A Coruña e polo sureste co río Arenteiro; aos outros ventos son propiedades particulares

Parcelas a clasificar		
Polígono	Referencia catastral	USO (segundo catastro)
11	001800100NH70B0001HW	Vivenda + garaxe
	001800200NH70B0001WW	Vivenda
	001800300NH70B0001AW	Deportivo
	001303500NH70B0001OW	Vivenda + almacén + garaxe
	001303800NH70B0001DW	Vivenda + almacén
	001303900NH70B0001XW	Vivenda + almacén + garaxe
	32020A01100786	Piñeiral
	32020A011020530000RS	Agrario
	32020A1109012	Liña AVE
19	32020A019000060000RK	Agrario
	001302800NH70B0001LW	Vivenda + almacén
	001302900NH70B0001TW	Vivenda + aparcadoiro
	001304100NH70B0001DW	Vivenda + almacén
	32020A01900820	Almacén
	001203300NH70B0001OW	
	001303400NH70B0001MW	Vivenda + almacén
	001303600NH70B0001KW	Aparcadoiro
	001303700NH70B0004VT	Vivenda + almacén
	001203800NH70B0001IW	Almacén
	001203900NH70B001JW	Vivenda
	001204100NH70B0001IW	Almacén





21	0012004200NH70B0001JW	Almacén
	001204300NH70B0001EW	Vivenda + almacén
	001204400NH70B0001SW	Vivenda + almacén
	001204500NH70B0001ZW	Vivenda + almacén
	001204600NH70B	Vivenda + almacén
	001204700NH70B0001HW	urbano
	32020A021018320000RO	Agrario
	32020A021018380000RJ	Agrario
	32020A02101839	Rústico e urbano
	32020A021018400000RI	Piñeiral
	32020A021018810000RH	Agrario
	32020A021018850000RY	Agrario
	32020A021018920000RL	Agrario
	32020A02109010	Liña AVE
	32020A02109012	Liña AVE
	32020A021019610001TP	Almacén
	32020A021020510000RU	Agrario

Delimítase o seu perímetro relacionando as parcelas catastrais lindeiras ( cuxos datos foron obtidos da oficina virtual do catastro), que seguindo as agullas do reloxo e comezando pola primeira parcela no polígono 19, no corte norte da estrada comarcal (parcela 9002), son as seguintes:

Parcelas do polígono 19: 9001, 7, 9002, 026 (001302600NH70B), 024 (001302400NH70B), 9002.

Parcelas do polígono 11: 9002, 207, 204, 211, 233, 240, 241, 254, 255, 257, 258, 259, 260, 263, 264, 268, 269, 273, 274, 275, 276, 281, 280, 283, 285, 286, 287, 288, 289, 300, 309, 310, 311, 312, 313, 314, 9005, 338, 339, 349, 348, 347, 9001, (río Arenteiro), 179, 171, 170,165, 164, 159, 155, 153, 152, 151, 150, 145, 144, 143, 142, 141, 140, 138, 137, 9001(río Arenteiro), 111, 110, 112, 113, 114, 115, 116, 126, 127, 128, 129, 130, 131, 125, 124, 123, 121, 120, 9012, 2054, 9011.

Parcelas do polígono 21: 1886, 9009, 1880 (pertence á comunidade de montes veciñais en man común de Carballeda), 9012, 1711, 1710, 1741, 1825, 1833, 034 (001203400NH70B ), 1834, 033,(001203300NH70B), 1837, 037 (001203700NH70B ), 9001.



Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita Lei “son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños”.

Terceiro.- É reiterada doutrina da sala contencioso-administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento ós veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.- O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo servizo de Montes, e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 149/2018 de 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

Resolve:





Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado De Pol a favor dos veciños/as de Pol, na parroquia da Piteira (San Miguel), no concello do Carballiño (Ourense) , de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa

Ourense, na data da sinatura

O Presidente do Xurado Provincial de Montes  
Veciñais en Man Común de Ourense  
Yago Borrajo Sánchez

Documento asinado electrónicamente



